

# ***POR NADA***

## **Ficha Técnica**

### **Dirección**

Toni Veiga  
Dani de la Torre

### **Guión**

Manolo Dios  
Toni Veiga

### **Producción**

Ficción Producciones

### **Producción Executiva**

Julio Casal  
Mamen Quintas

### **Director de Fotografía**

Suso Bello

### **Operador de Cámara**

Carlos Purriños

### **Música**

Manuel Riveiro

### **Intérpretes**

Roi: Carlos fernández  
Dani: Miguel García  
Toni: carlos Rey  
Mauro: Alex Sebio  
Fran: Guillermo Vázquez  
Nai de Roi: María Salgueiro  
Pai de Roi: Xabier Estévez  
Pai de Dani: Alfonso Agra  
Fiscal: Evaristo Calvo  
Xuiza: Isabel Naveira

### **Xénero**

Curta de ficción  
Drama

### **Idiomas**

Galego  
Castelán  
Subtitulada en inglés

**Duración:** 14'

## **Comentario didáctico**

*Por nada* é unha curta de ficción baseada en feitos reais descritos por persoas que levan anos analizando os comportamentos violentos de sectores moi concretos da nosa mocidade, máis concretamente, das experiencias do que fora o primeiro Defensor do Menor da Comunidade de Madrid, Javier Urra.

Trátase dunha curta de 14 minutos na que, dunha maneira certamente clara e directa, case que con formato documental, se nos presenta a uns personaxes, alumnos de instituto, a pandilla de Roi, aburridos, consentidos, resultado dunha educación permisiva e superprotectora, que produce tanto dano como o autoritarismo, na nosa mocidade.

Aborda tamén, sen ambigüidades, o tema da violencia, da súa práctica e da súa publicitación a través da Internet, en Youtube neste caso, e do chamado *ciberacoso*, a grabación non autorizada de imaxes, reais ou ficticias, que logo son publicitadas, sen consentimento, na rede.

Podemos ver, cunha linguaxe moi dinámica e moderna, xuvenil, as consecuencias dalgúns “xogos” e “diversións”, tanto sobre as vítimas escollidas ó azar, como sobre os agresores e as súas familias.

Permite reflexionar, cos pais e as nais, sobre modelos educativos e as súas consecuencias, e co alumnado, sobre a violencia, o ciberacoso, o matonismo e a convivencia, sobre o respecto, a xustiza, a responsabilidade sobre os propios actos, o aburrimiento e a diversión.

Trátase da primeira curta de ficción de Toni Veiga, director xunto co xa consagrado Dani de la Torre, sobre un guión de Manolo Dios e do propio Toni Veiga, baseados na reportaxe de Diego Bagnera para XL Semanal titulado “Matar por diversión”. Desde o punto de vista cinematográfico compre destacar a montaxe paralela do relato, o ritmo, as músicas, así como a moi convincente actuación dos protagonistas, algúns deles, debutantes no mundo audiovisual, xunto cos xa consagrados e recoñecibles polos espectadores. Por último, o propio guión que dunha maneira, certamente dura e conmovedora, presenta un tema de enorme actualidade, dun xeito directo e sen concesións retóricas.

## **Ficha de traballo**

¿A qué cres que alude o título desta curta de ficción?

¿En qué está baseada?

Indica si as situacións que describe se adaptan á realidade, si se quedan cortas ou si pensas que son unha esaxeración. Razona a túa resposta.

Escribe no teu caderno tres características da personalidade de Roi.  
¿Como describirías á súa pandilla?. Tenta identificalos con tres características da súa personalidade e das súas condutas. Contrasta cos teus compañeiros e compañeiras si coincidides ou non.

¿Que diferenzas podes atopar nas personalidades de Roi e da súa vítima polo que ves na película?

¿Como calificarías a relación de Roi cos seus pais?

¿Cal é a túa opinión sobre o comportamento dos pais de Roi, na casa e no xuízo?

Explica a túa resposta.

Comenta a seguinte frase da nai de Roi no xuízo: “Xogando fóiselles un pouco a man”

O pai de Roi sinala no xuízo tres cousas boas do seu fillo: “que ten moito carácter, que sabe o que quere e que é moi independente”. Compartes esa opinión. Razona a túa resposta.

Explica en qué consiste o “xogo” que pon en marcha Roi e que chama “catro e un video para o Youtube” .

Un dos amigos de Roi decide non entrar no xogo. Explica por qué. ¿Que insultos recibe? ¿Que significan?

Comenta a seguinte frase de Roi no xuízo: “Se cadra fóisenos un pouco a man pero mirounos mal”

¿Como calificarías a actitude de Roi no xuízo?

Cando o fiscal pregunta a Roi ¿por que medio instituto recibiu ese video? El contesta: Porque así coñécenme e respétanme.

¿Paréceche esta a mellor maneira de procurar respecto? Razóna a resposta.

Comenta a seguinte frase: “A mellor maneira de que te respeten non é agredindo senón respetando tí ós demais”.

¿Pensas que o alumnado coñece as consecuencias legais dalgúns dos seus actos?

¿Compartes ou non a sanción imposta a Roi? Explicáte.

¿Cómo explicarías a actuación de Roi e a súa pandilla?

¿Por que non é lícito grabar videos co móbil e colgalos en Youtube ou noutras plataformas audiovisuais deste tipo?

¿Cómo explicarías a violencia que practican Roi e a súa pandilla?. Simple diversión, para presumir, para que os respeten, por aburrimiento...¿que outras razóns poden existir?

Comenta a frase e a actitude da nai de Roi no final do xuízo: “Compráremosche a moto e volverás cos teus amigos, todo seguirá igual...”

Indica algunhas medidas para evitar que situacións como as que ves na curta se produzan.

Manuel Dios Diz